

Bases do Concurso de Coplas 8-M - Día Internacional da Muller IES N° 1

1. Obxectivo:

O Equipo de Igualdade do IES N° 1 convoca un concurso de creatividade musical para o **8-M** con motivo da celebración do *Día Internacional da Muller*, co obxectivo de promover a reflexión e a perspectiva dos mozos e das mozas desde a súa vertente artística.

A través da música, pretendemos sensibilizar o alumnado sobre as causas que fan necesaria a celebración do *Día Internacional da Muller*, data na que se conmemora a loita das mulleres pola súa participación, xunto cos homes, no ámbito laboral e, polo tanto, polo dereito á súa independencia económica.

Este dereito á igualdade entre mulleres e homes foi recoñecido legalmente hai tempo nas nosas leis, pero non é efectivo en todas as esferas das nosas vidas nin é igual para todas as mulleres. Por iso, aínda hoxe, debemos velar pola plena participación das mulleres en todos os ámbitos da vida.

2. Participantes:

Poderá participar todo o alumnado matriculado no IES N° 1 durante o curso 2024/2025. Establécense 4 categorías:

- **Categoría A:** Alumnado de 1º e 2º de ESO.
- **Categoría B:** Alumnado de 3º e 4º de ESO e Bacharelato.
- **Categoría C:** Alumnado da ESA e Bacharelato de persoas adultas.
- **Categoría D:** Profesorado e persoal non docente.

3. Temática:

Partiremos dunha canción moi coñecida, “Bella ciao”, á que se lle modificou a letra para tratar cuestións relacionadas co 8-M e trataríase de crear novas estrofas seguindo esta temática e o que xa está feito. Para facilitar o traballo creativo, na Aula Virtual de Igualdade do centro (incluída na categoría “Actividades”) podedes atopar o audio da canción coa letra modificada, as partituras así como a letra escrita.

Os textos das estrofas deberán estar relacionados coa igualdade de xénero, o papel da muller na sociedade actual, a loita contra os estereotipos, a diversidade ou

calquera outro aspecto vinculado ao 8M e deberán encaixar coa melodía. Para ver que isto é así, enviarase xunto co texto un audio coa letra cantada.

4. Características das estrofas:

- Cada persoa participante poderá presentar tantas estrofas como queira.
- As estrofas deberán ser orixinais e inéditas.
- As estrofas deben estar escritas e cantadas en galego.

5. Formato e presentación:

- As estrofas deberán enviarse en formato dixital. O envío constará de 2 arquivos: un de texto, coa estrofa escrita, e outro de audio coa estrofa cantada.
- O nome do arquivo deberá seguir o seguinte formato: `Categoria_NomeApelido.pdf` (exemplo: `CategoriaA_MariaLopez.pdf`).
- As fotografías deberán enviarse ao enderezo de correo electrónico: **igualdade@n1ribeira.net**, indicando no asunto: "Concurso de Coplas 8-M".
- No corpo do correo deberá incluírse:
 - Nome e apelidos da persoa participante.
 - Curso e grupo ao que pertence.

6. Prazo de presentación:

O prazo para a entrega das fotografías será desde o **18 de febreiro de 2025** ata o **7 de marzo de 2025**, inclusive.

7. Xurado e criterios de valoración:

O xurado estará composto por membros do equipo docente e representantes do alumnado e das familias do IES Nº 1. Valoraranse os seguintes aspectos:

- Adecuación ao tema.
- Adecuación á melodía.
- Orixinalidade e creatividade.
- Impacto emocional e capacidade de reflexión.

8. Premios:

Estableceranse os seguintes premios para cada categoría:

- **Primeiro premio:** Un vale de 30 euros para material escolar ou libros e un diploma.
- **Segundo premio:** Un vale de 10 euros para material escolar ou libros e un diploma.
- **Mencións especiais:** Diplomas para as fotografías que destaquen pola súa creatividade ou mensaxe.

9. Exposición e difusión:

As estrofas seleccionadas serán interpretadas na celebración do 8M no centro educativo e publicadas as letras na páxina web e redes sociais do centro, coa autorización previa dos/as autores/as.

10. Aceptación das bases:

A participación neste concurso implica a aceptación íntegra destas bases. O incumprimento dalgunha das normas poderá supoñer a descualificación da obra.

11. Protección de datos:

Os datos persoais dos/as participantes serán tratados consonte a normativa de protección de datos (RGPD), co único obxectivo de xestionar o concurso e a entrega de premios.

12. Contacto:

Para calquera dúbida ou aclaración, as persoas participantes poderán dirixirse ás persoas que organizan o concurso a través do enderezo de correo electrónico: igualdade@n1ribeira.net

Participa e contribúe á loita pola igualdade!